

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.). Nº17. 1 de xullo -1 de agosto de 2006.
Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

Participaron arredor de 35 stands

A XVI Feira de Mostras non logrou espertar a interese de expositores e público



A XVI edición da Feria de Mostras de Melide, celebrada o 24 e 25 de xuño, viuse empañada pola escasa afluencia de expositores e visitantes. En total,

os stands non superaban a cifra de 34, fronte aos 80 que se agardaban. Ademais, tan só dous dos postos ubicados no Pazo de Congressos ofrecían

melindres, un dos produtos homenaxeados na Feira. O público tampouco se animou coma outros anos a achegarse ata o Pazo de Congressos **L8**

Xunta e Deputación destinarán 1,2 millóns de euros á promoción turística da zona de Portodemouros

O conselleiro de Industria, Fernando Blanco, e o vicepresidente da Deputación, Xaime Bello anunciaron a posta en marcha conxunta dun plan de dina-

mización turística dos concellos da zona de Portodemouros. Entre os beneficiarios están os catro municipios da comarca. O investimento total é de 1,2 millóns **L5**

O BNG interesouse no Parlamento polo servizo de medicina xeral nos ambulatorios de Santiso

O Bloque Nacionalista Galego ven de preguntar ante a mesa do Parlamento polo funcionamento dos centros de

saúde de Santiso. Os nacionalistas instan a Sanidade a que funcionen a diario os dous ambulatorios **L5**

ASETEM-CCA celebra o sete de xullo a súa cea anual cos socios e a entrega de distincións

A Asociación celebrará o sete de xullo ás 21.30 horas no Carlos 96 a súa cea anual cos socios, que contará coa presenza, entre outras autoridades, do Delegado Provincial

de Industria, Luís Barcia. Durante a cea farase entrega dos galardóns cos que se distinguen a empresas e comerciantes que destacaron no último ano **L11**

CANTERAS DEL ARENAL CANTERAS DE RICHINOL



ARIDOS Y EXCAVACIONES



[C/ Arenal, Nº 64 . Entreplanta Izquierda - LALÍN]
[Teléfono: 986 78 71 02 Fax: 986 78 74 12]
[E-mail: arenal@canterasare.com]



Editorial

Feira de mostras con pouco que mostrar

A última fin de semana de xuño celebrouse en Melide a edición número dezaséis da feira de mostras, un conglomerado feiral que abrangue a feira do melindre, a da tenreira, e case todo o que se lle poida meter. O lugar elixido para ubicala foi novamente o Pazo de Congresos e Exposicións. Foi neste espazo multiusos onde se ubicaron os expositores e onde se organizaron as actividades.

Despois de dezaséis anos de feira, era de esperar que a espectación e os participantes destacasen polo alto número, sobre todo o domingo, día grande, pois ben din por aí que o peor son os comezos, e iso, a feira de Melide xa o tiña superado. Ben, pois os expositores e o público foron precisamente a eiva da feira. O ruxe ruxe que se oída de fondo no Pazo de Congresos era sempre o mesmo “que poucos postos hai este ano”, que a miúdo viñan acompañados de “este ano non hai xente ningunha”.

Cando os grandes eventos fallan por público ou

por asistencia, normalmente bótaselle a culpa ao tempo: é que chovía tanto que a xente non se animou, sóese dicir. Ou en caso contrario, os galegos tamén temos explicación: facía tanto calor que a xente marchou para a praia...

O conto é que a fin de semana da Feira de Mostras do Interior de Galicia, o tempo era excelente para achegarse ata o Pazo de Congresos, e dende logo, a xente non marchara da vila. Chegaba con ir paseando ata o cruce: centos e centos de persoas pa riba e pa baixo, deslizándose entre os postos ambulantes e sorteando aos demais paseantes. ¡Que contraste co Pazo de Congresos!

A explicación a tanta desidia non creo que se lle poida achacar ao público, senón máis ben á organización. Se ti lle ofreces á xente un Pazo de Congresos cheo de expositores, cunha oferta variada, e cun programa atractivo, posiblemente obteñas unha resposta positiva. Se pola contra cada edición se reduce, e

case drásticamente, os atractivos que ofertas, probablemente non contes cunha resposta positiva por parte dos visitantes.

E é que, ¿ónde se viu unha feira do melindre con tan só dous postos de melindres no Pazo de Congresos?. Melide está cheo de bos melindreiros e melindreiras; son moitos, e bos. Así que o mínimo que se pode facer é potenciar a cada un deses artesanos e artesananas resposteiras. Que todos os visitantes coñezan as mans que se encargan de facer cada paquete de melindres. Porque sen todos e cada un dos melindreiros e melindreiras da vila, a feira non irá para diante. Eles e elas son a esencia.

A edición dezaséis da feira xa vai aló, e agora toca pensar na vindeira. Hai que comezar a traballar dende xa, porque non se pode deixar morrer un proxecto que custou sudor e bágoas a moita xente.

Por certo, dende este recuncho, felicitar a Rubén Riós polo seu entregado pregón.

Tribuna de opinión

Oportunidades

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Estes días soubemos que o mes de xullo non traerá a Melide, como xa viña sendo habitual, o certame de Miss Galicia Terceira Idade. Este ano casualmente coincide coa festa dos maiores que se celebra na localidade ourensá do Carballiño, así que, para que os maiores galegos poidan asistir ós dous encontros, a celebración de Melide pospúxose de día. O día escollido semella que será en agosto, un mes que como todos sabemos é vital para o comercio e a hostalería melidense, que posiblemente duplica as súas vendas. Non ocorre o mesmo en xullo, un mes no que todo o que se organice en Melide e traia xente, é benvido por hostaleiros e comerciantes.

Pois ben, o traslado do certame de Miss Terceira idade ó mes de agosto, deixa vacíos boa parte dos comedores dos restaurantes e casas de comidas de Melide a fin de semana que se prevía fora o certame. Dun ano para outro os maiores xa deixaban encargada a súa mesa, e resulta que este ano, non van a poder ser atendidos en Melide porque en agosto, cando se celebrará o certame, todos os restaurantes están ata os topes, e non poderán atender a eses centos de persoas que lles viñan en xullo. ¿Qué significa iso? Significa miles e miles de euros que se van de Melide a concellos como Arzúa. ¿Tan sobrados están os restaurantes de Melide como para iso? Está claro que non. Toda a riqueza que veña para o pobo é pouca, pero iso parece que non se entende dende as esferas no poder.

Non se pode permitir. Pagamos aos nosos gobernantes para que velen polos intereses do noso pobo. Para que saquen adiante o concello en todos os sentidos, o cultural, o empresarial, e o comercial. ¿Qué clase de defensa dos intereses do pobo se fai cando se deixa escapar uns ingresos no sector hostaleiro como os xerados o día do certame?

Hai que mirar máis aló do populismo e da pachanga e pensar no que realmente importa. Se queremos que Melide saia adiante, afanémonos en buscar novos sectores que nos produzan beneficios, que den un pulo á nosa economía e que fagan que a vila e o concello se sitúe con forza nos ámbitos económicos e comerciais galegos.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuita. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Lorena García Calvo

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Xosé Domingos Fuciños, Lois Praderas, Brinquedia.

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Para anunciarse en
Cerne só ten que
chamar ao
981.506.188

Chame e infórmese sen compromiso
das nosas tarifas

As prioridades da Alcaldesa

GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELIDE

O Grupo Municipal do BNG critica o comportamento da alcaldesa de Melide por non acudir, por segunda vez, a un encontro con Anxo Quintana.

O Vicepresidente da Xunta convocou en abril a todos os alcaldes de Galiza para falar da creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade. A dito acto acudiron algo máis de 200 alcaldes/as, pero ninguén do Concello de Melide. Novamente, o pasado 1 de xuño, convocouse dende a Vicepresidencia da Xunta a todos os concellos de A Coruña para explicar-

lles directamente o Plan de escolas infantís (Galescolas). A ese acto tampouco acudiu Ánxeles Vázquez, quen contestou ao BNG que "a alcaldesa acode a todos aqueles actos que considera oportunos e cando a súa axenda o permite". Dito doutro xeito, Ánxeles considera inoportuno acudir aos actos do Vicepresidente. Dende logo, é totalmente inaceptable esa resposta e cremos que debера dar explicacións aos melidenses por esas graves ausencias.

Pero o colmo foi que unha alcaldesa cunha axenda tan

apertada atopase tempo para ir coas dúas concelleiras do PP melidense á final dun concurso de chistes celebrada en Touro. Nin máis nin menos que tres representantes do noso Concello para aplaudir a uns cantos mozos contando chistes. Polo que se ve, na axenda da alcaldesa collen eses certames de humor, sen dúbida un tipo de acto moi oportuno, prioritario e benéfico para Melide; todo o contrario deses servizos de igualdade, residencias de maiores e escolas infantís, dos que o noso concello debe andar sobrado.

A Feira de Mostras

GRUPO MUNICIPAL DO PSOE DE MELIDE

O día 25 de xuño, celebrouse unha vez mais, a Feira de Mostras do Interior de Galicia no Palacio de Congresos e Exposicións de MELIDE. Esta era a que facía a dezaseisaba, e cada ano que pasa é como a vida mesmo, vai pouco a pouco nublandose de tal xeito que si non sé lle da outra orientación converterase nunha escuridade permanente.

En estes dezaseis anos nos que se leva celebrando tal EVENTO, pasou por diversos avatares nos cales foi cambiando de unhas datas a outras, intentando buscar un apoio con outras festas coincidentes para evitar a súa defunción definitiva.

Non podemos esquecer que quen ten a obriga de buscar solucións para que esta cele-

bración non desapareza definitivamente e da nosa alcaldesa. Pero dende o Equipo de Goberno non teñen capacidade para facer as cousas mellor, e sempre seguen como tódolos anos, coa mesma rutina, son incapaces de atraer standars que dignifiquen, que melloren, que lle dean outro aire a esta feira, en definitiva que sexa un escaparate para tódolos produtos da nosa terra que cada día son mais demandados noutros mercados. Por todo o anterior prodúcese un descenso importante de afluencia de público, sobre todo o día 25, que é o principal desta feira.

Despois do día -d-, veciños da vila facían unha reflexión, ¿para qué queren mais

chatarra (referíndose ós coches do desguace colocados para a proba das bicicletas) si sobra da que hai dentro do recinto do Palacio C. e Exp? Isto xa é moi significativo do que era esta feira, e estamos de acordo, sé algo non funciona non no hai que deixar abandonado á súa sorte, hai que loitar para mellorar, e deso o pobo de Melide, sabe moito, nunca caemos en desánimo, pero si parecen caer quen nos goberna, pois como dicíamos ó principio un produto con tanto caché fóra de Melide, merece que se organice unha feira en condicións que o exalte e que faga soar o nome de Melide, e que o faga atractivo para a xente que nos visite. tempo, e hai que poñerlle solución canto antes.

Espazo reservado para o Partido Popular

Ao igual ca en números anteriores, Cerne está aberto ás colaboracións e opinións do Partido Popular de Melide. O grupo municipal popular ten o seu oco nestas páxinas e agardamos que en vindeiras edicións teñana a ben aproveitar esta oportunidade.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar esta espazo, e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vial para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se están a suceder no municipio.

Ata entón, pedimos desculpas aos lectores de Cerne.

Cerne. Terra de Melide.

Anúnciate
en Cerne

981.506.188



Joyería
Oro Ley

Taller Propio

Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR

BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

A Fundación comarcal Terra de Melide aproba un orzamento de 65.977 euros para o 2007

Redacción
Melide

O Padroado da Fundación Comarcal Terra de Melide mantivo en xuño unha xuntanza na que o principal punto da orde do día foi a aprobación do orzamento para o vindeiro ano, que ascenderá a 65.977,56 euros. A xuntanza estivo presidida pola Delegada Provincial do Medio Rural, Olga García Agra, e contou coa presenza de Ánxeles Vázquez, alcaldesa de Melide, Socorro Cea, deputada provincial e portavoz do BNG, José Antonio Rodríguez Álvarez, presidente de ASETEM-CCA, os alcaldes de Santiso e Sobrado, así como o presidente da Cooperativa Melisanto, José Varela Segade, e a propia xerente da Fundación comarcal.

Guía turística

Amáis da aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio, os patronos da fundación acordaron a

elaboración dunha guía e un mapa turístico comarcal, un proxecto que se levará a cabo este mesmo ano.

Os patronos da Fundación aprobaron tamén as contas referentes ao exercicio económico do 2005, e a memoria de actividades. Entre as iniciativas coas que colaborou a Fundación Comarcal Terra de Melide están as III Xornadas Ciencia e Territorio, organizadas polo IES de Melide, e ás que se achegou material informativo. Outras das actividades coas que colaborou son a XVI Semana da Música da Terra de Melide, ou a edición de material de publicidade para a VI Festa da Troita.

En canto a iniciativas privadas, a Fundación tramitou un total de 85 solicitudes de asociacións culturais, deportivas, empresariarís e particulares referidas a maioría a axudas para rehabilitar vivendas.

José Antonio Varela tomou posesión como edil do BNG

A corporación da o visto bo á creación dunha xunta local de seguridade

Redacción
Melide

O pleno da corporación melidense celebrou o pasado 21 de xuño unha sesión extraordinaria na que, entre outros puntos, se deu o visto bo, coa unanimidade de todos os grupos, á creación dunha xunta local de seguridade. Trátase dunha iniciativa que se está impulsando dende o goberno central e que anima aos concellos con máis dun corpo de seguridade a crear comisións locais coas que se tenta coordinar aos membros das forzas de seguridade. No caso de Melide trataríase dunha xunta local de seguridade que coordinaría aos membros da Policía Local e da Garda Civil, os dous corpos que operan en Melide, o primeiro con sete axentes, e o segundo con oito. O goberno municipal comezará agora as xestións para a posta en marcha da xunta local de seguridade, que procurará mellorar a coordinación entre os dous corpos que



Varela tomou posesión do cargo de concelleiro

operan en Melide.

O pleno melidense deu comezo coa toma de posesión de José Antonio Varela Antas como novo concelleiro do BNG en Melide logo da renuncia de Xesús Pereira. Logo de que Varela pronunciase as verbas de aceptación do cargo, a alcaldesa melidense, Ánxeles Vázquez, deulle a benvida ao pleno instándoo a facer *unha oposición constructiva* xunto co seu grupo. A rexedora non deixou escapar a oportunidade ao lembrar que Varela fora elixi-

do democráticamente, *ao igual ca os outros, que tamén o fomos*, en clara alusión aos comentarios da portavoz do BNG días atrás nos que afirmara que Vázquez fora *elixida a dedo* polo seu antecesor, Miguel Pampín.

No pleno aprobouse por unanimidade a concesión da Medalla de Melide á Coral Polifónica. O portavoz socialista, Manuel Prado, recriminou ao grupo de goberno que non conte para nada coa oposición á hora de elixir ao homenaxeado.

A RÚA OPINA

Plantexámoslle á xente da rúa cuestións de interese vencelladas á actualidade na comarca para tomarlle o pulso á rúa e darlle a palabra ós auténticos protagonistas: os veciños.

1-Qué opinión lle merece o transcurso da última Feira de Mostras do Interior de Galicia?

2-Qué xiro cré que debería dar a Feira en vindeiras edicións?



David Prieto

1-Á vista das pasadas edicións da feira, este ano en vez de progresar, parece que imos en regresión, posto que no que atinxe á miña opinión, faltou a presenza da maioría e dos máis destacados empresarios e comerciantes da vila, sen desprezar a presenza de xente doutros lugares.

2- Tería que centrarse máis no que é o obxectivo da feira, como é a tenreira e o melindre, sen dar protagonismo a atraccións que non teñen nada que ver.



Jhésica López

1. Creo que houbo moita menos xente ca en anos anteriores. Non sei o motivo, pero pode que tamén influíra que se contaba con moitos menos stands no Pazo de Congresos. Ademais a xente creo que prefería a feira no cruce, donde estaba antes.

2- Deberíanse traer máis expositores. Ofrecerlle unha oferta máis ampla de postos á xente, e dende logo, darlle máis peso ó melindre e á tenreira.



Ismael Pazos

1. Este ano non houbo tanta xente como viña habendo en edicións anteriores, ou esa foi a impresión que me deu. É unha pena porque unha feira con tantos anos ás costas non se pode deixar morrer.

2. Haberá que ofrecerlle á xente reclamos cos que se sinta significado. A os gandeiros ofrecerlles actividades da tenreira, por exemplo. Hai que facer que volva a soar por toda Galicia a feira do melindre.

Beneficiaránse os concellos da Terra de Melide, Arzúa, Vedra e Vilasantar Xunta e Deputación investirán 1.200.000 euros nun plan turístico para a zona de Portodemouros

As dúas institucións farán este ano unha primeira achega de 550.000 euros

Redacción
Melide

A Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña investirán 1.200.000 euros nun plan turístico para a zona de Portodemouros. O anuncio foi feito polo Conselleiro de Industria, Fernando Blanco, e o Vicepresidente da Deputación da Coruña, Xaime Bello, no transcurso da cea que o BNG organizou en Melide o 16 de xuño.

O plan turístico que as dúas institucións financiarán a partes iguais ten como obxectivo a mellora da calidade turística da zona. Os catro municipios da comarca, Melide, Santiso, Toques e Sobrado, estarán entre os beneficiarios do plan xunto con Arzúa, O Pino, Touro e Boimorto, da comarca de Arzúa, e os municipios de Vedra e Vilasantar.

Obxectivo

O plan turístico que Xunta e Deputación veñen de aprobar, e que asinarán nos vindeiros días prevé dotar á zona de infraestructuras, equipamentos e

servizos turísticos potenciando deste xeito o sector nos concellos da zona de Portodemouros.

Aínda que as actuacións non están concretadas, o plan prevé potenciar o entramado turístico co que contan os municipios beneficiarios, ao tempo que diversificarán a oferta complementaria creando novos produtos turísticos.

A posta en valor do patrimonio cultural e natural dos municipios beneficiarios está tamén entre os obxectivos do plan turístico. O conxunto de medidas que acompañarán a iniciativa afectan tamén á poboación e aos axentes locais, ós que se pretende



As rutas xacobeas son un dos activos turísticos da comarca

sensibilizar, formar e implicar nunha cultura de calidade. O plan completase coa comunicación, promoción e comercialización da oferta turística.

Industria e o departamento de Fernández Moreda financiarán o proxecto en tres anos

O 1.200.000 euros co que está dotado o plan turístico da zona contará cun orzamento, ao 50%, da Deputación da Coruña e da Consellería de Innovación e Industria. O orzamento total do proxecto será financiado ao longo de

tres anos. A primeira partida, que se efectuará xa neste exercizo, será de 550.000 euros, a segunda de 350.000, e a última de 300.000 euros.

ANO	2006	2007	2008
Xunta	250.000 □	200.000 □	150.000 □
Deputación	300.000 □	150.000 □	150.000 □
Total	550.000 □	350.000 □	300.000 □


As actuacións potenciarán os activos turísticos dos concellos beneficiarios

A posta en marcha do plan turístico na zona de Portodemouros abranguerá un territorio cun denso patrimonio histórico-artístico. Os dez municipios que se beneficiarán das medidas acollen monumentos megalíticos, mámoas, castros, mosteiros, castelos e pazos entre outras mostras.

Un dos maiores focos de interese turística que teñen os concellos beneficiarios son os camiños xacobeos. O Camiño Francés e o Camiño Primitivo transcorren por varios concellos sendo un dos maiores activos turísticos co que contan as comarcas de Melide e Arzúa. A riqueza paisaxística da Serra da Cova da Serpe, a riqueza fluvial dos ríos Tambre e Ulla que forman espazos como o encoro de Portodemouros ou a Lagoa de Sobrado, declarada Espazo Natural de Interese Ornitológico, atópanse tamén entre os factores turísticos que se potenciarán nas comarcas grazas ao plan turístico.

Para recibir Cerne no seu domicilio,só ten que chamar ao 981.506.188

Chame e infórmese sen compromiso das nosas tarifas



Ingeniero Técnico Agrícola (Perito Agrícola)
Rúa Irmandiños, 4
(Xunto al Palacio de Congresos y Exposiciones)
15.800, Melide (A Coruña)
Telf. y Fax: 981 50 54 82 Telf. Móvil: 639 82 00 24
Correo electrónico: ingtec@teleline.es

Servicios de la Oficina:

MEDICIÓN DE TERRENOS	PARTICIÓN DE HERENCIAS
DESLINDES	VALORACIONES
INFORMES PERICIALES	CATASTRO
PROYECTOS AGRÍCOLAS	CONCENTRACIÓN PARCELARIA

Participaron representantes do sector empresarial e asociativo comarcal Preto de 150 persoas asistiron á cea do BNG para *reflexionar* sobre a situación política

Estiveron presentes o conselleiro de Industria e o vicepresidente da Deputación

Redacción
Melide

A cea organizada polo Bloque Nacionalista Galego de Melide o pasado 16 de xuño congregou no Hotel Carlos 96 a preto de 150 asistentes. O encontro estivo presidido polo conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, Fernando Blanco, e polo vicepresidente da Deputación da Coruña, Xaime Bello. A portavoz do BNG en Melide, Socorro Cea, abriu o turno de discursos apelando aos asistentes para que o encontro sirva para *reflexionar sobre a situación política do país e do concello*. Cea lembrou a labor esclarecedora dos concelleiros do BNG á hora de transmitirlos aos veciños a situación financeira do concello, e urxiu *un cambio político que nos leve a un equipo de goberno que colabore e axude ao sector empresarial e aos colectivos e aso-*



Xaime Bello e Fernando Blanco presidiron a cea organizada polo BNG

ciacións. A concelleira nacionalista transmitiulle aos presentes o apoio *co que contades dende a Deputación, e o compromiso de defender os vosos proxectos antes as consellerías do BNG*. Cea cualificou de *etapa ilusionante* o tempo que hai por diante, e que desembocará nas eleccións municipais do

vindeiro ano. A portavoz local amosou o seu convencemento de que *Melide ten moito que gañar cun goberno local do BNG, así que temos que aproveitar a oportunidade*.

Noite histórica

Logo das verbas de Cea, Xaime Bello, vicepresi-

dente da Deputación da Coruña, recolleu o turno de palabra cualificando o encontro de *noite histórica para Melide* ao estar *“poñéndose a primeira pedra do próximo goberno municipal de Melide*.

Aproveitando a presenza na cea de representantes do sector empresarial, entre os que estaban res-

Blanco anuncia o plan de turismo, e respalda a candidatura nacionalista melidense

A intervención do conselleiro de Industria, Fernando Blanco, serviu para comunicar aos asistentes o plan de turismo que se porá en marcha na zona. O conselleiro aproveitou para respaldar a candidatura do BNG en Melide de cara ás vindeiras municipais aventurando que *“dentro dun ano vai haber un cambio político en Melide”*. O conselleiro lembrou ademais que o BNG está comprometido a responder con feitos á confianza que depositen os electores neles.

O PSOE melidense reitera ante o Delegado de Política Territorial a necesidade dun semáforo para o cruce de Toques

Redacción
Melide

O Delegado provincial de Política Territorial, Jacinto Parga, visitou Melide para manter un encontro con representantes dos grupos políticos melidenses. A visita de Parga, conseguida a instancias dos socialistas melidenses, serviu para que os representantes políticos municipais lle expuxesen as necesidades máis urxentes en materia de infraestruturas viarias.

Unha das cuestións abordadas, e das que máis

debate xerou, foi a petición do grupo municipal socialista da instalación dun semáforo no entronque da estrada de Toques coa autonómica 840, en Melide. Os socialistas insistiron na necesidade de que se ubique un semáforo para regular o tráfico, *xa o estudio feito pola Policía Municipal recollía a necesidade dun semáforo para ese punto*, lembraba Manolo Prado, voceiro dos socialistas.

Jacinto Parga transmitiulle aos políticos a necesidade de estudar a cues-

tión, xa que era preciso consultar cos técnicos, pero que era moi posible que a solicitude fose atendida. En todo caso, o que tamén deixou claro Parga, foi que en caso de que se instale o semáforo, deberá ser o Concello o que *se responsabilice do mantemento do semáforo, así como do tramo da estrada autonómica ata o cruce*, aclarou o voceiro socialista en Melide.

Sendas

Entre as peticións que os socialistas melidenses lle



O PSOE de Melide nunha xuntanza anterior con Parga

transmitiron ao Delegado de Política Territorial estaban dúas sendas, unha en Zas de Rei, e outra dende o final das beirarrúas da Carretera da Golada ata o campo de Fútbol, e a limi-

tación a 30 da circulación polo casco urbano. A alcaldesa de Melide solicitou tamén unha mellora nas beirarrúas da autonómica 840 para nivelar un tramo de arcén.

A Coral Polifónica de Melide recibe a medalla de Ouro da vila

A corporación fixolle entrega do premio o día de San Pedro, en recoñecemento ao seu traballo e adicación

Redacción
Melide

Un ano máis, coincido coa festividade de San Pedro, o Concello de Melide fixo entrega da Medalla de Ouro de Melide, que este ano recaeu na Coral Polifónica de Melide. A corporación quixo recoñecer coa medalla o traballo incansable da formación, nada en 1982, o levar o nome de Melide por toda Galicia e fóra dela, así como a súa labor cultural e de divulgación das artes musicais.

A Coral Polifónica de Melide conta na actualidade con 40 coristas divididos en seis voces, e está dirixida por Valeri Moriatov. O primeiro director da formación foi Andrés Sampayo Sixto, máximo impulsor da coral, e director da mesma ata o seu falecemento, momento en que recolleu o seu testemuño Uxío Pazos.

A Coral Polifónica de Melide, que o vindeiro ano cumprirá o cuarto de



Os integrantes da coral participaron na procesión de San Pedro

século, ten no seu currículo un amplo listado de actuacións por toda a xeografía galega, e tamén polo exterior. Entre outros, a Coral participou

en actuacións en diversas actividades como Castrojeriz (Burgos), son a organización da Madrid, Sestao, e Semana da Música da Portugal. Terra de Melide, que este ano chegará á súa XVII edición.

A formación melidense participa ademais en edición.

Non será o día previsto ao coincidir co Carballiño

O certame de Miss Galicia Terceira Idade celebrarase no mes de agosto

Redacción
Melide

Aínda que inicialmente estaba previsto que o certame de Miss Galicia Terceira Idade se celebrase o día 9 de xullo, finalmente trasladarase previsiblemente ao mes de agosto. A razón é a coincidencia do certame organizado en Melide coa xuntanza dos maiores que anualmente se celebra no Carballiño, e que este ano coincide co día programado para a Miss Galicia Terceira Idade.



O certame tiña lugar tradicionalmente en xullo

reservas nos restaurantes do concello. Este ano, ao coñecer o cambio de data, tentaron modificar as reservas para agosto, pero a meirande parte dos restaurantes do concello non dispoñen xa de sitio, debido á celebración as fins de semana de agosto de comuñóns, vodas e outros banquetes.

Segundo dixeron algúns hostaleiros melidenses, a meirande parte dos locais do concello non dispoñen xa de sitio, o que obrigará aos visitantes a ter que traer a súa comida, ou a desprazarse a outros concellos. O que conleva unha importante perda de cartos para o sector.

Consecuencias

O cambio de data do certame de beleza melidense está a ter consecuencias no sector hostaleiro local. Segundo comentaron algúns hostaleiros, dun ano para outro os maiores que se achegan a Melide para desfrutar das actividades, xa facían as súas



Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
15.800 MELIDE (A Coruña)



CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120








PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanela, parc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

Os expositores cualificaron de negativo o balance final dos dous días A escasa afluencia de stands e visitantes empaña a XVI Feira de Mostras de Melide

O Pazo de Congresos acolleu só dous postos de melindres, un dos produtos estrela

Redacción

Melide

Melide ven de acoller a celebración da XVI edición da Feira de Mostras do interior de Galicia, dentro da cal teñen acubillo a tenreira galega e os melindres. En total, foron 34 os stands que participaron na feira, lonxe dos 80 postos cos que se contaba. Productos naturais, marroquinería, heráldica e dous postos de melindres foron algúns dos stands que se ubicaron no Pazo de Congresos e Exposicións.

O sábado inaugurouse a feira, que organizou para a noite unha pasarela e moda. O domingo, día grande, non conseguiu espertar o interese dos visitantes, rexistrándose unha afluencia moito menor ca en anteriores edicións. De nefasta cualificou unha das expositoras o balance da feira, *no hemos hecho ni para gastos. Mis compañeros y yo ya dijimos que no volvemos*, comentou ao remate da feira unha das vendedoras, chegada dende Vigo.

Os actos centrais do domingo comezaron co pasarrúas do grupo Castelo acompañado das autoridades convidadas. De seguido, Rubén Riós (Marcos en Libro de Familia) pronunciou o pregón da Feira, unha intervención na que o xove actor se amosou agradecido por ser o elixido. Riós loubou as excelencias da comarca cun entretido e interpretado pregón, cunha parte en verso, e que rematou cunha *oración* cos produtos melidenses e o entorno como protagonistas.



O posto do concello contou con azafaifas que atenderon aos visitnates



Durante os dous días de Feira de Mostras organizáronse varias actividades para o público

300 quilos de carne ao caldeiro servíronse na degustación popular

Uns 300 quilos de carne ao caldeiro repartíronse o domingo na tradicional degustación popular. Coma todos os anos, os visitantes recibiron unha ración de carne, pan e bebida. Algúns dos visitantes optaron por repetir ración tantas veces como poideron.

Atracción

Xa pola tarde, o último acto previsto dentro da XVI edición da Feira de Mostras, unha exhibición de bike trial conseguiu facer as delicias dos maiores e visitantes que se congregaron no Pazo de Congresos e Exposicións.

A mostra pictórica componse dun total de 25 cadros ao óleo O Museo da Terra de Melide expón obras de pintores melidenses

Redacción
Melide

O Museo da Terra de Melide inaugurou o pasado 24 de xuño unha exposición de cadros de pintores melidenses que continuará aberta ata o 2 de xullo. A mostra pictórica está composta por un total de 25 cadros froito dun curso de pintura impartido na vila pola profesora Asunción Monterroso.

Oito mulleres e dous homes foron os asistentes a este curso de pintura que tivo un ano de duración, e que pon agora punto e final coa exposición no Museo das obras creadas polos alumnos.

A exposición de pintura ao óleo dos melidenses que asistiron ao curso impartido por Asunción Monterroso é a primeira



A mostra pictórica componse de 25 obras de melidenses

dunha serie de exposicións que o director do Museo, Xosé Manuel Broz, adianta que se organizarán ao longo dos meses de verán nas instalacións do Museo da Terra de Melide. Broz lembra tamén que o Museo, que contou co apoio dos meli-

denses para mercar a súa actual sede, quere ser un lugar de encontro onde todos os melidenses poidan amosar a súa arte.

O Museo da Terra de Melide continuará tamén durante o verán amosando os seus fondos etnográficos permanentes.

A Deputación destina unha achega de 30.000 euros para financiar diversas actividades

A Deputación da Coruña ven de asinar un convenio de colaboración co Museo da Terra de Melide polo cal a entidade supramunicipal destinará 30.000 euros para o financiamento das actividades do museo, recentemente galardoado co premio Pedra do Destino 2006.

A achega do departamento que preside o socialista Salvador Fernández Moreda servirá para o mantemento do museo etnográfico, a edición de publicacións e investigacións, así como para financiar as montaxes das diversas exposicións que acolle o Museo da Terra de Melide.

O convenio de colaboración foi asinado polo presidente da Deputación

coruñesa, Fernández Moreda, e por Xosé Manuel Broz Rei, director do museo melicense. O titular da Deputación cualificou ao Museo da Terra de Melide como *un exemplo dos froitos que pode dar a unión e da colaboración entre os veciños*. Segundo afirmou Moreda, *o seu labor de deixar testemuña do pasado para as seguintes xeracións merece o apoio da Deputación*.

Pola súa banda, Xosé Manuel Broz agradeceu a colaboración prestada pola Deputación coruñesa co Museo e no *traballo de recuperación e posta en valor de elementos que son testemuñas da nosa historia*, lembrou Broz.

O Bloque critica a Vázquez por non asistir por segunda vez a un encontro con Quintana

Redacción
Melide

O Bloque Nacionalista Galego de Melide ven de criticar a actitude da alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, por non acudir a dous encontros co vicepresidente da Xunta de Galicia, Anxo Quintana.

Segundo os nacionalistas melidenses, o 24 de abril o vicepresidente da Xunta convocou a todos os alcaldes para falar da creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade, ao que acudiron máis de 200 rexedores, entre os que non estaba a mandataria melicense.

A segunda cita con Quintana á que non acudiu Ánxeles Vázquez foi o pasado un de xuño, cando a Vicepresidencia

da Igualdade e do Benestar convocou a todos os concellos da Coruña para explicarlles o plan de Galescolas para a provincia.

Respostas

No último pleno celebrado en Melide, o BNG preguntou a Vázquez os motivos da súa ausencia na xuntanza do 24 de abril, e a rexedora respondeu que “A alcaldesa acode a todos aqueles actos que considera oportunos e cando a súa axenda o permite”.

Para Socorro Cea, portavoz do BNG en Melide, a rexedora debería dar unha resposta pública aos melidenses por non acudir a estes actos, “e se considera inoportuno facelo”, lembrou Cea.

A Asociación de Gaiteiros Galegos celebrou en Melide un seminario en torno á gaita

Redacción
Melide

O multitosos de Melide foi o lugar escollido pola Asociación de Gaiteiros Galegos para celebrar un encontro no que recoñecidos artesáns constructores intercambiaron coñecementos e impresións en torno á gaita, palletas e pallóns. O seminario, ao que acudiron 55 gaiteiros de toda Galicia, programou dúas conversas-intervencións a cargo dalgúns dos nomes con máis peso na construción de gaitas e palletas: Rubén e Antonio González, e Xosé e Álvaro Seivane. Dúas familias enteiramente vencelladas ao mundo do instrumento simbólico de Galicia, e que congregou a un bo número de gaiteiros.

O programa da xornada



Xosé Manuel Seivane, no centro, protagonizou o encontro

comprendía cuestións como os materiais cos que se constrúen os instrumentos, ou a importancia do coñecemento do punteiro, sobre o que faláron os integrantes da familia González.

Cómo empalletar o punteiro, as operacións de

axuste, ou cuestións como os efectos da humidade sobre estas partes da gaita, centraron parte da intervención dos Seivane, que estivo plagada de historias e anécdotas referidas aos comezos do constructor no mundo da gaita e da súa construción.

Os nacionalistas instan a Sanidade a dotar de atención diaria os dous centros O BNG interésase no Parlamento polo servizo de medicina xeral nos ambulatorios de Santiso

O Bloque pide tamén a regularización das prestacións pediátricas

Redacción

Santiso

O deputado do Bloque Nacionalista Galego Fernando Blanco rexistrou ante o Parlamento de Galicia unha pregunta para a súa resposta escrita na que reclama unha mellora na atención sanitaria no concello de Santiso.

O municipio dispón de dous centros médicos, un en Arcediago e outro en Visantiña, que funcionan alternativamente para dar resposta á diseminada poboación de Santiso. Nos ambulatorios cóbrense os servizos básicos de medicina xeral e pediatría. Segundo expuxo Fernando Blanco na súa pregunta, *a atención sanitaria aos nenos non ten carácter regular, e depende da demanda dos pacientes*, amáis, engade Blanco, *a medicina xeral compártese entres os dous consultorios*.

Ante isto, e para regulari-



O de Arcediago é un dos dous centros de saúde que funcionan en Santiso

zar esta situación, o BNG preguntou se o Sergas (Serizo Galego de Saúde) ten previsto dotar aos dous centros ambulatorios de atención diaria en medicina xeral, e se establecerá *cando menos uns horarios fixos* nos servizos de atención pediátrica. Amáis, na

pregunta de Blanco, reséñase o número de cartillas que atende un só médico.

Parello á poboación

O deputado do BNG lembrou que dadas as características demográficas de Santiso, cunha poboación

de 2.324 habitantes, e cunha densidade de 34,8 habitantes por quilómetro cadrado, *o mantemento e mellora dos servizos públicos xoga un importante papel de fixación da poboación*, e como ferramenta para evitar o desequilibrio territorial.

Blanco mantivo en Visantiña un encontro con veciños do municipio

Fernando Blanco Parga mantivo en Visantiña a finais do mes pasado un encontro con veciños do concello de Santiso á que tamén asistiron outros responsables comarcais, así como membros do BNG no concello.

A xuntanza de Blanco, deputado provincial do BNG, serviu para presentarse aos veciños do municipio, e ofrecerse para transmitir as súas demandas e problemas ao Parlamento, para tentar deste xeito dar resposta e solución ás cuestións que preocupan aos veciños de Santiso.

Ao acto celebrado en Visantiña asistiron arredor dunha trintena de veciños de Santiso que lle expuxeron a Fernando Blanco Parga cuestións como a referida ao funcionamento do servizo médico xeral, así como do servizo de pediatría.

AO NOSO CARÓN | Leandro Quintas aposta polos novos mercados

O leite ecolóxico tamén ven de granxas grandes

Redacción

Melide

Traspasar a cancela que que da entrada á finca de Leandro Quintas, entre Santiso e Palas de Rei, é como entrar no paraíso soñado de moitos gandeiros. Varios centos de hectáreas, a meirande parte de pastoreo, son o entorno no que se ubica a gandería de Quintas, pioneira na produción de leite ecolóxico dentro dunha gran explotación.

Hai xa seis meses que

a gandería de Leandro Quintas comezou o período de transición estipulado en ano e medio (tempo necesario para que a terra elimine definitivamente os residuos nocivos) e que permitirá que as 280 cabezas de frisón que ten na gandería produzan leite cen por cen ecolóxico. O Consello regulador da Agricultura Ecolóxica esixe que as ganderías que queiran producir este tipo de leite sexan extensivas, e se alimenten a base de pastoreo e penso ecoló-

xico. O uso de silos, pesticidas ou hervicidas está totalmente prohibido, e todo para conseguir un leite de primeira calidade.

Leandro Quintas ten claro que para poder dar o paso á gandería ecolóxica, *primeiro hai que ser un bo gandeiro, e logo dar ese salto cualitativo*. As vantaxas de producir leite ecolóxico tenas moi claras Quintas: *das ao consumidor un produto de primeira calidade*,



A explotación de Quintas ten 285 cabezas de frisón

contribúes ao coidado do medio ambiente, e logras beneficios económicos para a explotación, afirma o gandeiro.

A entrada no sistema ecolóxico leva parella unha diminución da produc-

ción, que se compensa co incremento dos prezos do produto. Aínda así, as 280 vacas da explotación producen unha media de 3.000 litros diarios que van sumando ata chegar ao millón de litros de cota.

ASETEM-CCA celebra a súa cea anual cos socios o 7 de xullo

O encontro celebrárase no Hotel Carlos '96 e contará coa presenza de representantes de diversos organismos

Redacción
Melide

O vindeiro venres día 7 ás 21.30 horas a Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto celebrará no Hotel Carlos '96 a súa cea anual de confraternidade á que están convidados todos os socios do colectivo. Cada asociado poderá retirar dúas invitacións.

A cea, ao igual ca en anos anteriores, contará coa presenza de representantes de organismos do comercio e da empresa; outras asociacións. Entre as presenzas xa confirmadas está a de José María Seijas, presidente da Federación Galega de Comercio.

Entre os convidados agárdase tamén a presenza dos rexedores dos catro municipios da Terra de Melide, así como representantes dos grupos da oposición.

A cea anual de ASETEM-CCA, á que asitiron preto



A cea do ano pasado congregou a máis de 150 persoas

de 150 persoas serviu de encontro de confraternidade para os socios do colectivo, así como para facer entrega, por primeira vez, de varias distincións aos socios.

Galardóns

Ao igual có ano pasado, durante a cea entregárase unha distinción ao socio con maior proxección

exterior. Outro dos galardóns será para o desenvolvemento empresarial, unha distinción que tamén se entregará ao desenvolvemento comercial.

O cuarto galardón do que se fará entrega é á implicación activa con ASETEM-CCA. Os destinatarios das distincións non se darán a coñecer ata o momento da entrega de premios.

A Rede de Centros Comerciais Abertos organizou un programa de Dirección e Organización



Rodríguez Álvarez, na presidencia, foi un dos asistentes

Redacción
Melide

O presidente de ASETEM-CCA, José Antonio Rodríguez Álvarez, foi un dos 27 representantes dos centros comerciais abertos que participou no Programa de Dirección e Organización de CCAs que se impartiu en Santiago.

A iniciativa desenvolveuse a través de seis seminarios encamiñados

á formación eficaz e eficiente do persoal técnico que se atopa á fronte dos centros comerciais abertos. Entre os contidos que se impartiron, estaban materias tributarias, de promoción, de planificación e de dirección, todo co obxectivo de optimizar a dirección e organización dos centros comerciais abertos.

Na xornada de clausura fíxose entrega de diplomas acreditativos para os 27 representantes dos CCAs galegos participantes.

A xunta de ASETEM-CCA distribuiu os cargos entre os novos directivos

Redacción
Melide

O equipo directivo presidido por José Antonio Rodríguez Álvarez que colleitou o apoio dos socios na última asemblea extraordinaria de ASETEM-CCA distribuiu os cargos entre os seus integrantes.

José Antonio Rodríguez Álvarez continuará como presidente do colectivo unha lexislatura máis. O cargo de vicepresidente ocuparáo Javier López, vicepresidente e secretario xa da anterior xunta directiva.

O cargo de secretario estará ocupado dende

agora por Alberto Varela, outro dos directivos que repiten da anterior xunta, na que exercía o papel de vocal.

O cargo de tesoureiro da Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto será responsabilidade a partir de agora de Avelino Laya.

Vocais

A lista de empresarios e comerciantes que completa a xunta directiva de ASETEM-CCA está integrada por Sonia Valiño, José Ramón Villamor, Adolfo Álvarez, Manuel Vázquez e José Valiño.

Os oito integrantes da nova xunta directiva comezaron xa o traballo á fronte do colectivo empresarial e comercial melidense. Ademais de continuar adiante coa defensa dos intereses de comerciantes e empresarios, os directivos estudian xa novas fórmulas de promoción do comercio local, así como a posta en marcha de melloras que den un novo pulo ao sector empresarial da comarca.

Primeiras actuacións

Unha das primeiras decisións adoptadas pola nova xunta directiva foi a relativa á cea anual de confraternidade dos socios de ASETEM-CCA. Ademais da organización da xuntanza anual, os nove empresarios e comerciantes que integran a directiva foron os encargados de eleger aos socios que serán



A nova directiva comezou xa o traballo co colectivo

distinguidos este ano cos galardóns á mellor proxección exterior, ao desenvolvemento comercial, ao desenvolvemento empresarial e á implicación activa con ASETEM-CCA Melide.

A empresa formigoneira suministra materia aos concellos da comarca


O mellor servizo e as garantías de máxima calidade marcan a pauta a seguir de Hormelide

A planta dispón de cinco camións para transportar as distintas modalidades de formigón que producen

Redacción
Melide

En outubro de 2004 botou a andar Hormelide, unha empresa de recente creación que recolleu o testemuño de Horfenor. Hormelide é xunto con Hormigones Carral e Bombeo y Transportes Carral, unha das empresas participadas polo Grupo Hormigones Carral. A empresa coruñesa non dispoñía de ningunha planta pola zona, así que cando tivo a posibilidade, non o dubidaron, xa que esta é unha zona atractiva para o sector. O balance, ata o momento, é positivo.

Actualmente a planta de formigóns de Melide dispón de cinco camións, unha bañera, e unha bomba coa que sumistran formigón aos concellos



Julio, María e José Antonio Furelos, o novo comercial da empresa, diante da planta

dos arredores. A cada cliente, o formigón que precisa, e que mellor se adapta ás súas necesidades.

A carteira de clientes de Hormelide é ampla, xa que sumistran material tanto a grandes construtores como a particulares que precisan formigón

para levar a cabo obras de menor embergadura, contan María Baietti e José Antonio Furelos, xefa de planta e comercial, respectivamente.

Zona de acción

O propio formigón é o que marca o rádio de acción no que traballa Hormelide,

que é de aproximadamente 30 quilómetros á redonda. O material de construción ten un límite de uso de aproximadamente unha hora e media sen perder a súa resistencia inicial, o que establece o traxecto máximo que poderán percorrer os camións garantindo a máxima cali-

dade do formigón.

É precisamente esa calidade no material co que se traballa e no servizo o factor co que conta Hormelide. María Baietti, xefa da planta de Hormelide lembra que *ofrecendo calidade e bo servizo é como se garantiza o futuro da empresa.*

Os meses de verán son tamén a tempada con maior demanda para o sector

O sector do formigón, ao igual ca moitos outros negocios, ten nos meses de verán a súa propia tempada alta. Segundo explica María Baietti, de Hormelide, *no verán case todos os promotores e construtores comezan as súas obras. As sociedades agrarias amplían as súas instalacións e os particulares ao ter máis tempo, aproveitan para facer ampliacións nas súas casas.* Os meses de inverno son máis complexos para o sector do formigón por causa das xeadas e da

dura climatoloxía, que non favorece ao material de construción.

Servizo ao cliente

A planta de Hormelide segue a máxima de ofrecerlle ao cliente sempre o que pide, e facer iso, require a renovación continua dos materiais. *Cada pouco tempo xurden novas formas de construción e estos avances lévannos a crear novas fórmulas de formigón,* lembra Baietti. Para readaptarse de xeito continuo á demanda e ás tendencias, Hormelide



Hormelide conta cunha flota de cinco camións repartindo formigón

conta cun departamento técnico excelente que lles permite satisfacer de contado as necesidades dos

clientes. Os seus cinco camións encárganse de transportar o formigón ata o seu destino asegurando-

se de que o material chegue en condicións óptimas para ser empregado nas distintas construcións.

Unha empresa que se adapta ás necesidades

Para Hormelide, é fundamental poder ofrecerlle aos seus cliente o que demandan, e no menor tempo posible. Para todo isto, e para as obras de gran envergadura, contan coa colaboración do Grupo Hormigones Carral que mediante o seu departamento técnico, de control de calidade e coa súa ampla flota de camións, lles sumistran os medios necesarios para cumprir eficazmente cos seus compromisos.

Para Hormelide, o primordial é satisfacer o cliente, e para iso adáptanse ás súas necesidades en todo momento.

A tempada estival poderá prolongarse ata o 30 de setembro Os establecementos comerciais de Melide inician a campaña de rebaixas de verán

ASETEM-CCA dispón dos carteis homologados para os seus asociados

Redacción
Melide

O un de xullo comeza oficialmente en Galicia a campaña de rebaixas de verán, á que como en anos anteriores se acollerán os comercios melidenses. Segundo establece a Consellería de Innovación e Industria, cada establecemento poderá fixar as datas que considere oportunas para a tempada de rebaixas, se ben, o período mínimo será dunha semana, e o máximo dun mes.

Cada comercio deberá exhibir en sitio visible o período escollido para a campaña de rebaixas, e ao igual ca en tempadas anteriores, rexeráse pola normativa vixente.

Regras

Os establecementos melidenses que se adhiran á

campaña de rebaixas de verán deberán ter presente que os artigos rebaxados non poderán estar deteriorados nin ser defectuosos, agás que se indiquen expresamente como saldos. Ademais, no mes anterior non poderán ter sido presentados como ofertas ou promocións.

Todos os artigos de rebaixas deberán ter á vista o prezo inicial de venda e o rebaxado. En canto á devolución dos produtos rebaxados, os comercios rexeráse polas mesmas condicións có resto do ano. O consumidor ten dereito a que se lle repare o artigo defectuoso, ou no seu caso á devolución do prezo pagado, ou á substitución do artigo por outro de idénticas características. En caso de que o establecemento admita o pago



ASETEM-CCA xa dispón dos carteis homologados

con tarxeta de xeito habitual, tamén deberá facelo en época de rebaixas.

Carteis

ASETEM-CCA dispón nas súas oficinas dos car-

teis homologados de rebaixas a disposición dos seus asociados. Os membros da asociación que o desexen, poderán pasar a recollelos na sede do colectivo.

Impártese un novo curso de manipulador de alimentos dende ASETEM-CCA

Redacción | Melide

Os locais da Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto acollen o luns 3 de xullo o terceiro dos catro cursos de manipulador de alimentos previstos para este ano. O curso, para o que aínda hai prazas libres, dará comezo ás 15.00 horas, e rematará ás 20.00 horas. O prezo é de 10 euros para os socios de ASETEM-CCA e de 30 para os non socios.

Diploma

Os asistentes ao curso recibirán un diploma acreditativo da Consellería de Sanidade que os capacita para traballos e actividades nas que sexa preciso manipular produtos alimenticios.

ASETEM-CCA repartiu entre os seus socios as novas placas de horarios

Redacción
Melide

A Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto repartiu entre os seus socios as novas placas identificativas e de horarios. Trátase de placas de PVC informativas que se indica se o establecemento permanece aberto ou pechado. Así mesmo, nas placas márcanse os días e horarios de apertura de cada establecemento.

Imaxe corporativa

O reparto das novas placas que identifican aos establecementos adscritos a ASETEM-CCA ven dar resposta á nova imaxe corporativa do colectivo.



As novas placas están xa expostas nos comercios

Logo de que ASETEM comezase a funcionar como Centro Comercial Aberto, e entráse a formar parte da Rede Galega de Centros Comerciais

Abertos, a asociación renovou a súa imaxe corporativa para adaptarse ás súas novas prestacións e incorporar o logotipo de CCA.



Vixilancia da saúde para os asociados á Mútua Galega

A última semana de xuño tivo lugar a denominada vixilancia da saúde para os asociados á Mútua Galega de Accidentes de traballo.

Os asociados de ASE-

TEM-CCA dispuxeron de dous días para a revisión. En próximas datas agárdase que tamén teñan a súa revisión anual os socios inscritos en Isonor.

As escolas deportivas pecharon o ano cunha exhibición na que participaron case 400 persoas



A exhibición contou con preto de 400 participantes

Redacción
Melide

As escolas deportivas municipais pecharon o curso cunha exhibición no pavillón polideportivo municipal. Preto de 400 persoas, entre pequenos (a gran maioría) e maiores, participaron na demostración na que amosaron parte das actividades que aprenderon a facer durante o curso.

Ao longo de todo o ano académico impartíronse

unha ampla variedade de modalidades que foron dende fútbol ata baile moderno. O colofón aos meses de traballo puxérono as exhibicións dos nenos ás que seguiron as demostracións dalgúns adultos que participaron en clases específicas como foi ximnasia de mantemento.

A exhibición congregou nas gradas do pavillón a un gran número de público, entre os que estaban os familiares dos participantes.

Melide arrasou na terceira edición das Intermunicipais disputadas en Touro

Redacción
Melide

Touro acolleu o pasado mes a disputa das III Intermunicipais. Un total de sete concellos competiron por alzarse cos títulos nas distintas categorías. Como era de agardar, Melide rematou a súa participación como gran campión do torneo.

Os dous primeiros postos conquistados polos melidenses chegaron nas categorías infantil e cadete. Os dous segun-

dos postos que colleitaron os rapaces do concello foron a parar a mans do equipo benxamín e do conxunto feminino. Pola súa parte, o equipo alevín de melidenses firmou o cuarto posto da súa categoría.

Xunto con Melide, competiron os concellos de Arzúa, Touro, O Pino, Ordes, Toques e Curtis. Dos sete participantes Melide foi o único que conseguiu clasificar a todos os seus equipos en todas as categorías.

Troiteiros Río Furelos celebrou o seu primeiro aniversario cun día do socio

Participaron boa parte dos integrantes do colectivo, que superan xa os 130 asociados en tan só un ano de vida

Redacción
Melide

A Asociación de Troiteiros Río Furelos ven de celebrar o seu primeiro aniversario. Fíxoo cun encontro ao que foron convidados todos os seus integrantes na área recreativa de Furelos. No día do socio, amáis do xantar de confraternidade, o colectivo fixo balance dos doce meses de traballo da asociación, entre as que salientaron o alto número de actividades que se levaron a cabo grazas ao colectivo.

A asociación ten a día de hoxe 131 socios, e continúa incrementándose esta cifra.

Balance

Entre as iniciativas que a asociación de troiteiros impulsou e puxo en marcha está a organización da I Xornada de limpeza do río Furelos, na que se conseguiron retirar 2,5 tone-



O día do socio celebrouse na área recreativa de Furelos

ladas de lixo e arame de espiño ao longo dun tramo dun quilómetro.

O colectivo organizou tamén recentemente o I Campionato de pesca da Terra de Melide, no que participaron 40 troiteiros. Outra das iniciativas levadas a cabo foi un curso de montaxe de mosca, ou a elaboración dun vídeo de concienciación medioam-

biental titulado “Tíramolo nós?”, enviado a asociacións, grupos políticos e contros. A asociación impartiu tamén charlas de concienciación en colexios, e ven de asinar un convenio con ADEGA para participar no Proxecto Ríos. Agora preparan xa a II xornada de limpeza do Furelos, que será en agosto.



Melide engalanouse para celebrar Corpus

Un ano máis as rúas do casco antigo de Melide engalanáronse para celebrar a festividade relixiosa de Corpus. Ao igual que ocorre en vilas como

Ponteareas, veciños de Melide colaboraron na elaboración dunha alfombra floral de varios metros decorada con motivos relixiosos e situada á entrada

da igrexa parroquial. A procesión transcorreu baixo os arcos de vexetación e flores colocados polo casco vello da vila, e con remate na igrexa.

Os paxaros tamén migran ao sur gañou o sexto certame literario A autenticidade da escrita de Silverio Cerradelo, premiada co *Terra de Melide*

O autor, fillo de emigrantes galegos en Cataluña, competiu con obras de outros 19 participantes



A fallo do Terra de Melide coincidiu coa presentación de *A orde do temple na vila de Melide*

Redacción
Melide

O pasado 17 de xuño deuse a coñecer o fallo do certame literario Terra de Melide, que chegou este ano á súa sexta edición. *Os paxaros tamén migran ao sur*, de Silverio Cerradelo, foi a obra premiada polo xurado, que destacou a gran calidade das 20 creacións presentadas a concurso, e especialmente a autenticidade da escrita da obra gañadora. Cerradelo, fillo de emigrantes galegos en Cataluña, non puido asistir ao fallo do certame debido a que se atopa en Inglaterra.

Ánxeles Vázquez, presidenta do xurado lembrou que o Terra de Melide é un "espazo onde xoves escritores teñen a oportunidade de plasmar as súas obras" e engadiu, "e que despois saian á luz como publicacións". O certame está dotado con 6.000 euros e publicación do libro.

Experiencia vital

Os paxaros tamén migran

ao sur narra en primeira persoa a experiencia vital dun estudante cunha prostituta. A partir desta conexión, o autor expón unha serie de refelxións vitais sobre a relación e a existencia, amais de tocar de xeito máis tanxencial cuestións como o mundo das drogas ou a honestidade intrínseca a certos personaxes marxinais. Segundo manifestaron membros do xurado, a obra de Cerradelo transmite unha historia sentida, e non vacua na que o protagonista é quén de transmitir ao lector a experiencia narrada grazas a unha literatura sentida.

A obra de Cerradelo, lonxe de calquera tipo de barroquismo, enmárcase nas tendencias da novela actual grazas a un ritmo axil e a un final interesante.

Libro sobre o Temple

O acto no que se deu a coñecer o fallo do certame literario Terra de Melide coincidiu coa presenta-

ción da obra *A orde do temple na vila de Melide*, de Xosé M. Sánchez Sánchez. O libro, editado polo Concello de Melide, foi a obra gañadora do III Certame de Investigación Terra de Melide. A publicación do texto de Xosé M. Sánchez inicia unha serie de publicacións relacionadas con Melide e a súa comarca.

Na presentación de *A orde do temple na vila de Melide* o autor manifestou que a súa intención é a de analizar a presenza dos templarios en Melide a través do seu asentamento e grazas á análise das súas propiedades. Sánchez insistiu na presentación na importancia da presenza das fontes empregadas para documentar o libro.

Pola súa parte, Ánxeles Vázquez aproveitou a presentación da obra, que cualificou como "seria e rigurosa", para "animar á xente que ten traballos desta índole a presentalos, porque o Concello está disposto a facer un esforzo" e sacalos á luz.

As mulleres rurais de Sobrado e Santiso organizaron unha viaxe a Segovia e Ávila

Redacción
Melide

As asociacións de mulleres rurais dos concellos de Sobrado e Santiso organizaron o pasado mes unha viaxe ás cidades de Ávila e Segovia. Os dous colectivos viaxaron acompañados da asociación de Teixeira. En total máis de 40 personas participaron na actividade

organizada que os levou a percorrer a muralla e o casco histórico de Ávila, e os principais puntos turísticos de Segovia: o acueducto, o Alcázar, a catedral e a zona antiga. A última parada das mulleres e homes que participaron na actividade foi a Granja de San Ildefonso, antiga residencia de verán dos Borbóns.

A Escola de Gaita e Percusión Axóuxere entregou os diplomas de fin de curso aos alumnos



Axóuxere entregou os seus diplomas de fin de curso

Redacción
Melide

Arredor de 70 membros da Escola de Gaita e Percusión Galegas Axóuxere, de Melide, asistiron o pasado 22 de xuño á entrega de diplomas aos alumnos que asistiron ao curso 2005/2006.

Os alumnos, con idades comprendidas entre os 2

e os 65 anos, recibiron cadanseu diploma de mans das mestras do curso: Uxía Fuciños, Alba Rúa, e Xisela Fuciños.

O acto serviu como despedida ao curso. A escola de gaitas Axóuxere, que este ano participou en varios actos, iniciará no mes de setembro o vindeiro ano académico.

A Coral de Urdilde e o Conxunto Instrumental do IES ofreceron un concerto na Igrexa Parroquial

Redacción | Melide

O pasado 11 de xuño a Coral Polifónica e Urdilde, que dirixe Luís Martínez, e o Conxunto Instrumental do IES

Melide, ofreceron un concerto na Igrexa Parroquial da vila no que interpretaron pezas de distintos autores compostas entre os séculos XV e XIX.

26 anos da festa de San Pedro de Melide

Xosé Domingos Fuciños Gómez



Imaxe da barca de San Pedro feita na Praza das Coles no ano 1981

No ano 1980 un fato de veciños melidás xunto coas asociacións de veciños Xuntanza, a Cultural Terra de Melide, a Arqueolóxica Trísquele, e a folclórica Froito Novo, encetamos o traballo de recuperar a Festa do Patrón de Melide, San Pedro, inmersa nunha longa noite de pedra. A labor non foi doada, pero afortunadamente hoxe en día está normalizada e oficializada.

No principio do século XX e ata os anos vinte, a festa principal de Melide era San Pedro, incluso con tres días de festa, coma no ano 1916, organizada pola Sociedade Católica Cultural Xuvenil Melidense. A partir dos anos vinte, a festa de San Roque foi impoñéndose como festa de referencia, non só en Melide, senón nas bisbarrias da dorsal galega, a montaña do interior de Galiza. Finalzada a guerra civil, o San Pedro seguiu celebrando cun día de festa na Alameda (en fronte á Cás Melitrás) ate principios dos setenta,

que non se volveu celebrar ata 1980. Temos que ter en conta que neses anos anteriores ao franquismo, o San Pedro era día festivo. Antes dos oitenta festa profana non había, pero si rexiliosa grazas a bos veciños melidás que sufragaban os gastos. Como anécdota, cando en xuño de 1980 botamos a pedir polas rúas para o San Pedro, había moita xente que cría que o patrón era San Roque (bo santo tamén), e aínda hoxe hai rémora nalgúns veciños. Oficializouse a partires de 1988, cando o Concello acordou que fora festivo local (agás coincidira en sábado ou domingo), e instituíuse como o Día de Melide nos anos noventa, dende que o Concello organiza a festa do Patrón, que se vai consolidando coa entrega das Medallas de Ouro. Que así siga, aínda que polo serán teriamos que organizar outras actividades culturais e deportivas.

Nestes vinteseis anos houbo de todo polo día de San Pedro, bo e malo, pero

o traballo velaquí está, e merece a pena.

No ano 1981 Manolo Parrado e Xosé D. Fuciños, pedímoslle ó director, daquela da Banda de Celanova, Don Alfonso Salvatierra de Mesa un pasodobre que tivera partes de pezas tradicionais da Terra de Melide, estando grabado pola Banda Municipal de Melide, para que a integre no seu repertorio.

Somentes queda, a ver para o vindeiro ano, recuperarmos a tradición de facela barca de San Pedro na Praza das Coles. Noraboa a tódolos homenaxeados melidás polo día de San Pedro, e en concreto á Coral Polifónica de Melide neste ano.

E xa sabedes a Capela con portada tan fermosa no Campo de San Roque foi consagrada polo Cardenal Quiroga Palacios como Capela de San Pedro e San Roque, despois de quedar San Pedro sen o seu fermoso fogar a finais dos anos corenta.

SAÚDE E VIVA O NOSO PATRÓN

Tres acontecementos nun: velorio, mercados e festas

Lois Praderas

Dor, llanto, trisura e amargura, con ullicio, regateos e berros, máis música, aplausos, xolgorio e bobas. Estas tres realidades danse no mesmo entorno.

Cando as cousas se fan de así, a capricho, sen valorar as vantaxes e os invovintes, e non se admiten propostas e suxerencias dos partidos da oposición, que foron democráticamente elixidos polo pobo, sen necesidade de mentir, enganar e carretar.

Ademáis cando non se valora, respecta e toma en consideración un escrito presentado no concello polos fillos de Melide; cando, en definitiva se goberna con prepotencia, arrogancia e chulería, pasa o que pasa. É lamentable, pero é certo, como todos vostedes saben, o goberno municipal do Partido Popular preparou dúas habitacións chamadas velorio nos baixos da Praza de Abastos, situada na alhóndiga, donde todos os domingos hai venta de galos, galiñas, coellos, queixos, manteiga e outros produtos varios, así como postos amulantes. Xa se imaxinan que barullo de feira aí diante do velorio.

Se a todo isto lle engadimos que a 50 metros está a Praza do Convento, onde tamén hai venta ambulante, e ademáis celébrase nesta praza a festa de San Antón e a de San Roque, cas súas correspondentes actuacións musicais, teatrais, etc... onde non faltan aplausos asubíos e bombas.

A outros 50 metros temos a Praza das Coles, donde hai mercado de froitas,

verduras e outros produtos do campo onde non faltan os rúidos e os berros de turno. Ademáis de isto, celébrase nesta praza a festa de San Caralampio. Tamén temos que ter en conta que pola rúa de San Antonio pasan milleiros de peregrinos de moitas razas, culturas e clases sociais. Isto que estou comentado é pura realidade, pódono comprobar e vivilo persoalmente, se calquera familia de Melide ten a desgracia de perder un ser querido e lle coincide, que é o máis seguro, senón para qué fixeron o velorio neste lugar, que lle coincida un domingo, a festa de San Antonio, a de San Roque, o San Caralampio e outro tipo de actividades folclóricas. ¡Que clase de imaxe e espectáculo bochornos estamos dando á boa xente de Melide e a todos cantos nos visitan e nos acompañan neses momentos tan amargos e críticos!.

Señores do PP, cando as obras municipais se an, deberan ser en consenso con todas as forzas políticas e sociais, e incluso co pobo, desta forma non se cometerían tantos abusos nun concello que é de vostedes, pois non só están de paso; recórdolles que o goberno do noso pobo está ao servizo de todos os cidadáns para solucionar calquera problema e administrar con honradez e transparencia os nosos impostos e subvencións.

Melide é unha vila con moita historia polo que necesita urxentemente un tanatorio con todos os servizos internos e externos, ás aforas do pobo, donde haxa tranquilidade e recollemento. Un tanatorio que esté á altura da nosa vila, ao respecto e consideración de todos os seus habitantes.

Queres recibir Cerne no teu domicilio?

Chama ao 981506188 e infórmate sen compormiso

O Colexio de Educación Infantil e Primaria "Mestre Pastor Barral de Melide" quere contribuír a conservación do noso patrimonio lúdico e cultural.

Equipo de Normalización Lingüística CEIP Mestre

Pastor Barral (Integrado en Brinquedia)

O Equipo de Normalización Lingüística do Centro e demais membros da nosa Comunidade Educativa, sensibilizados ante a importancia que teñen os xogos populares e tradicionais dentro da educación e como parte que son da identidade dos pobos ao igual que o é a lingua, estamos poñendo en practica unha serie de iniciativas nadas no seo do Equipo e que contaron sempre co apoio e asesoramento dos membros da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional aos que agradecemos que estean sempre que o precisamos.

Se a lingua que nace cun pobo enriquece a ese pobo permitindo a comunicación e expresión entre os seus membros, tamén é certo que os xogos son unha forma de expresión e comunicación que facilitan as aprendizaxes e axudan a asimilar e interiorizar unha lingua, permitindo-nos usar o idioma dunha maneira espontánea e expresar así sentimentos. Por todo isto non é estraño que o Equipo de Normalización teña a inque-danza de contribuír á normalización lingüística no contorno no que está inserido o Centro potenciando a presenza da súa realidade galega, cultural, histórica, xeo-



O Pastor Barral está integrado na rede de Brinquedia

gráfica, económica, lingüística, literaria, folclórica,... e é evidente que os nosos xogos forman parte de todo isto.

Son moitos os obxectivos que temos propostos dende o noso Equipo e tentamos pouco a pouco cumprilos, aínda que nos leve o noso tempo. Poderíamos destacar algúns deles como potencia-la conservación do noso patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes, saberes e xogos. No noso patio de recreo tentamos recuperar algúns dos xogos aos que xogaban os nosos avós, os nosos pais e como non, os mestres e mestrás que fomos nenos e nenas e agora estamos aquí transmitindo coñecementos e experiencias a novas xeracións que terán nas súas mans o futuro do noso patrimonio. Por todo isto se algún día pasan polo noso Centro, verán nas paredes do seu patio pintados algúns dos xogos de sempre como o das canicas, catro esquinas, bolos, ra, mariola, aro, trompo, panda... e tamén os materiais necesarios para poder xogar a todos eles.

Nas horas de recreo, nas celebracións e festas do colexio verán aos nosos nenos e

nenas xogando aos xogos de sempre. Nunha ocasión as cámaras de Televisión Española gravaron estes momentos e un grupo de estudantes de Comunicación Audiovisual interesados polo noso patrimonio lúdico, fixeron un interesante documental no que ademais dos nosos nenos e nenas, contaron coa presenza de Paco Veiga, profesor do IES de Melide, estudoso e especialista no tema. Podemos falar doutras actividades relacionadas cos xogos e levadas a cabo dende o Equipo. Tódolos anos tentamos deixar plasmado nun calendario algo sobre a nosa realidade cultural e etnográfica, este ano fíxémolo cos xogos. Imaxes dos nenos e nenas de 6º xogando no patio están recollidas no Calendario do 2006. Estes mesmos nenos e nenas participaron nas Escolas Viaxeiras en Salamanca e alí tamén levamos os nosos xogos que compartimos nunha agradable tarde de intercambio de Comunidades, cos nenos e nenas vascos e andaluces que participaban con nós nesta experiencia.

Agora no noso patio conviven os nosos xogos co balón que tanto engaiola aos nenos. Animamos a tódolos centros a levar iniciativas a prol dos xogos tradicionais e populares e sobre toa a ¡ Seguir xogando!.

O chiste do mes

Cousas da vida

por Castelao



Publicado no xornal Faro de Vigo na segunda década do século XX.

Arquivo dos irmáns Fuciños Gómez

Unha foto antiga



Imaxe dos anos corenta da Igrexa Parroquial co antigo altar de San Pedro na parte esquerda.

Arquivo dos irmáns Fuciños Gómez

Se queres enviar a túa
colaboración a Cerne, chama
ao

981.506.188

Teléfonos de
interese

Autobuses

Actos

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	
Bombeiros.....080	Consevatorio
Incencios Forestais.....085	981507100
	Polideportivo
	981507752
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	Centro Social da 3ª Idade
Urxencias.....092	981505706
Melide.....981505003	Parada de Taxis
Policía Nacional.....091	981505390
Garda Civil	Albergue Xuvenil
Urxencias.....062	981507412
Melide.....981505007	Albergue do Peregrino
S.O.S	660396822
S.O.S Galicia.....112	Centro Ocupacional
Protec.Civil.....670498848	981505003
	A.S.E.T.E.M
	981506188
TRANSPORTES	
Renfe	Fundación Terra de Melide
Nacional.....902240202	981507244
A Coruña	I.E.S. de Melide
Santiago	981505162
Autobuses	C.E.I.P nº1.....981505238
A Coruña.....981239099	C.E.I.P nº2.....981505929
Santiago.....981542416	Gardería.....981507738
Melide.....981505204	U.A.F. de Melide
Aeroportos	981 507742
A Coruña.....981187200	
Santiago.....981547500	SANTISO
Vigo.....986268200	Casa do Concello
	981818501
SERVIZOS E INSTITUCIÓN	Centro de Saúde
Atención ao cidadán	Agrochao.....981517803
981120012	Visantoña.....981510749
Valedor do pobo	Xulgado de Paz
981571900	981 818501
Economía facenda	
981545151	SOBRADO
Industria e Comercio	Casa do Concello
981544341	981787508
Sevizo Galego Colocación	Desenvolvemento local
981125000	981787508
Teléfono da Muller	Centro de Saúde
900400273	981787744
Teléfono do Menor	Mosteiro de Sobrado
900444222	981787509
Dirección Xeral de Tráfico	Xulgado de Paz
900125505	981787508
Correos.....902197197	
Auga.....981242322	TOQUES
Electricidade.....981147200	Casa do Concello
Gas.....900760760	981505826
	Centro de Saúde
	981507301
MELIDE	Xulgado de Paz
Casa do Concello	981505826
981505003	
Centro de Saúde	
981506176	
Servizos Sociais	
981505012	

MELIDE - A CORUNA	6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
De luns a venres:	
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	
Sábados:	Sábados:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e Festivos:	Domingos e festivos:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
22.30	20.20
Parada fronte á	Parada fronte á Pizzería
Cafetería Marta	Xoldra
A CORUÑA - MELIDE	
De luns a Venres:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Sábado:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	16.05, 16.55, 19.25,
Domingos e Festivos:	20.50, 21.50 (só venres
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	lectivos)
19.00	Sábados:
MELIDE - FERROL	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
De luns a venres:	19.25
Non hai liña	Domingos e festivos:
Sábados:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
19.15	20.50
Domingos e Festivos:	Parada fronte ao antigo
19.15	bar Capitol.
Parada fronte á	
Cafetería Marta	TOQUES - MELIDE
FERROL - MELIDE	(Folladela-Fondevila)
De luns a venres:	Luns a venres laborables:
Non hai liña	Saída de Fondevila: 10.20
Sábados:	Saída de Melide: 12.30
10.30	Domingos excepto último
Domingos e festivos:	de mes:
17.00	Saída de Fondevila: 8.15
MELIDE - OURENSE	e 11.00
De luns a venres:	Saída de Melide: 13.00
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Último domingo de mes:
Sábados:	Saída de Fondevila: 7.45
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00 e
Domingos e festivos:	14.00
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	
20.00	MELIDE - TOQUES
Parada fronte á	(Fondevila-Folladela)
Cafetería Marta	Martes e venres lab-
OURENSE - MELIDE	orables:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	de mes:
19,15	Saída de Folladela: 8.40
Domingos e Festivos:	Saída de Melide 13.00
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	Último domingo de mes:
21.00	Saída de Folladela: 8.30
	Saída de Melide: 13.00 e
	14.00
MELIDE - SANTIAGO	
De luns a venres:	

XULLO
-Apertura da área recreati- va do río Furelos.
-Do 1 ao 15: exposición mozos pintores da Terra de Melide na Biblioteca Municipal.
-Do 3 ao 31: Campamentos urbanos para rapaces e rapazas de tres anos en diante no Edificio Multiusos.
-Venres 7: Mallrory no Pub Gatos.
-Do 1 ao 31: cursos inten- sivos de natación para todas as idades e niveis na piscina climatizada municipal.
-Venres 14: Cogito Ergo Sum, no Pub Gatos.
-Domingo 16 e luns 17: Festas do Carme en Melide.
-Venres 21: concerto do Festival de Música ás 21.00 horas na Igrexa par- roquial. Intervirán a mez- zosoprano Marta Infante e o arpista Manuel Vilas, que interpretarán un pro- grama barroco.
-Venres 21: o grupo suizo Cenk no Pub Gatos.
-Sábado 22: celebración do X Capítulo da Orde de Dmas e Cabaleiros do Camiño de Santiago con diferentes actos na vila.

José Ernesto Pereira, da polbería A Garnacha

Para comer polbo, coma Melide e Monterroso non hai outro sitio

En pouco máis dun ano a polbería A Garnacha conseguiu facerse un oco no panorama culinario melidense. A calidade do produto, e o bo facer dos polbeiros conseguiron que os veciños de Melide e da comarca se renderan ás racións da Garnacha. Ata tal punto, que hai uns días

ampliaron o local para poder atender a toda a súa clientela. Aínda que A Garnacha abriu as súas portas coa vista posta nos peregrinos, finalmente foron os melidenses e a xente da comarca os que se converteron en fieis comensais da polbería. Por diante, todo un verán.

L.G.C.
Melide

Pouco máis dun ano e tres meses foron suficientes para que a polbería A Garnacha se convertese en todo un referente culinario en Melide. Aínda que se puxo en marcha pensando que o peregrino era un bo sector de negocio, a xente da comarca converteuse no seu principal cliente.

-¿Qué vos levou a decidir abrir a polbería aquí?

-Tiñamos a outra polbería en Monterroso, e viña moita xente desta parte, así ue dixemos: imos mirar a ver o que pasa.

-¿Qué tal foi ata o de agora?

-Polo momento ben. Estou contento, hai moito traballo.

-¿Os peregrinos entraban dentro das previsións?

-Cando abrín eu pensei que os peregrinos eran un mercado sinxelo de conquistar, pero vexo que é moi difícil. Son xente que non entenden o que lles das. Cos peregrinos é moito traballo e pouco proveito. Pensaba que aquí se vivía do peregrino, e non é así. Ao final traballamos para a xente de aquí e dos arredores.

-¿A ubicación do local foi escollida pensando nos peregrinos?

-Sí. Foi escollito a propósito. A situación é boa, pero en principio era pensando nos peregrinos.

-¿As polberías son un negocio de fin de semana?



A Garnacha converteuse en tan só un ano en parada obrigada para os amantes do polbo

-Non, aquí en Melide traballas todos os días, non é coma noutros sitios que traballas venres, sábado e domingo. De verán é cando máis traballas.

¿O polbo é apreciado en Melide?

-Sí, en Melide e en toda Galicia.

-¿A Melide aínda lle falla para ser coma o Carballino, non?

-Aquí hai moita xente de fóra que non coñece o

-Para comer polbo, coma Melide e Monterroso non hai outro sitio. Despois, se queres comelo noutros sitios, ten que ser en feiras. Coma Melide para o polbo, ningún sitio.

¿Cal é a clave para ter a diario o local cheo?

-Facer as cousas ben e ter produto de boa calidade. Por exemplo o polbo non é tan importante de onde ven, como se é bo. Ás veces o polbo das nosas costas non é o suficientemente bo, e ti tes que garantir un produto bo. Non importa de onde veña con tal de que sexa bo. Hai quen di que o polbo ten que ser de Bueu, e eu digo que ten que ser da mar... despois que sexa de onde queira.

¿Cantos quilos de polbo podedes chegar a vender nun día?

-Pois depende. Un día nor-

mal pola semana o mínimo que cozo son 40 no inverno. Os fins de semana os sábados sobre 120, e o domingo 200. Se é feira máis, por exemplo a última feira vendín sobre 400.

En Monterroso por exemplo algunha feira vendemos de 1.000 para riba, na Feira de Santos sobre 1.500 quilos.

-Entón, aquí a diario véndese ben.

-Sí, aquí véndese ben. Se vas a outros sitios, a diario vendes dous rabos, pero aquí compensa traballar e ter xente traballando.

-¿Canta xente traballades na polbería?

-A diario cinco persoas, e despois as fins de semana máis. A última feira eramos 12 e non dabamos

feito.

-Porque ademais, xa abristes a ampliación, ¿non?

-Sí. Xa abrimos a última feira, e ben. De feito mesmo había xente esperando.

-Arredor do polbo hai mitos, pero, ¿cal é o segredo para cocinálo?

-O polbo non ten segredo. É simplemente que o polbo cando está rico é cando coces moito xunto. Se fas dúas racións, non sabe o mesmo. Só hai que saber escoller a mercancía. O da pota non ten nada que ver, igual que pasa cos pratos de madeira. É só mito, pero á xente non se lle pode cambiar.

-Logo, ¿o polbo é sinxelo de facer?

-Non. Porque primeiro tes que saber mercar, porque ás veces hai moita trapa-llada. A nós vannos traendo probas de cada barco, e probamos, e se che interesa, pois dislle que che garden o que teñen. Este ano

O polbo non ten segredo, e só que canto máis coces, mellor sabe

os barcos pescaron moi pouco e tes que estar facendo probas constantemente.

-Agora achéganse os

meses de verán. ¿Hai boas perspectivas?

-Sí, os meses de verán son bos. Xa a Semana Santa foi boa. Aquí hai xente de todos os concellos, véñenche de Coruña, de Santiago... Agora ven ademais a xente que está vivindo fóra de Galicia, e é xente que consume. Non comen o polbo á feira en todo o ano, e cando veñen, aproveitan.

Aquí traballas todos os días, e non só as fins de semana

Editorial	P2	Lecer e cultura	P14
Opinión	P3	Colaboracións	P16
Melide	P4	Axenda	P18
Comarcas	P8	A entrevista do mes	P19
Empresa e comercio	P11		

Proquintas

GRUPO

FOZ

LALIN



BARREIROS PLAYA
340 Viviendas

MALRICA